

Estereotipos e prexuizos lingüísticos

Índice

- 1.- O concepto de prexuízo lingüístico.
- 2.- A causa da existencia de prexuizos lingüísticos na sociedade galega: a diglosia.
- 3.- Os prexuizos lingüísticos en Galicia.
- 4.- Textos.

1.- O concepto de prexuízo lingüístico



Os prexuizos lingüísticos son xuízos de valor negativos emitidos sobre unha lingua ou os seus falantes a partir de realidades simplificadas, malinterpretadas, manipuladas ou ás veces simplemente inventadas. Teñen a capacidade de propiciar, de maneira consciente ou inconsciente, o rexeitamento dunha lingua e dunha comunidade lingüística. Ao igual que calquera outro tipo de prexuízo social, profesional, étnico, etc. baséanse en estereotipos (isto é, as visións tópicas que se teñen de comunidades, razas, profesións, países... cando se descoñecen basicamente

estas realidades), que se moven entre ideas simplificadoras e falsidades tendenciosas (como, por exemplo, afirmar que os musulmáns son intolerantes, que os xitanos nunca se lavan, que todos os políticos son uns corruptos ou que os cataláns están obsesivamente preocupados polos cartos).

Os prexuizos lingüísticos son moi variados, pero pretenden basicamente demostrar a existencia de dous tipos de linguas: unhas que se poden cualificar como boas, importantes ou adecuadas para a vida actual e outras que non posuirían estas características e por tanto habería que considerar malas, irrelevantes ou non aptas. Por extensión, os falantes de cada un deses grupos de linguas representarían as características delas.


Segundo esta visión, por exemplo, as linguas amerindias ou a maioría das linguas africanas téñense caracterizado a respecto das occidentais, como primitivas e inaptas para temas abstractos. Hoxe sábese que non existen diferenzas salientábeis entre as gramáticas das linguas que faciliten ou dificulten a expresión do pensamento. As situacións históricas polas que pasan as comunidades lingüísticas poden provocar carencias léxicas nunha determinada materia; mais o léxico pode habilitarse sen maior problema, do mesmo xeito que linguas tan prestixiosas como o francés ou o castelán deberon dotarse de numerosos anglicismos e neoloxismos para actualizárense en materias propias das novas tecnoloxías.

Normalmente, os prexuizos maniféstanse cara a linguas doutras comunidades. No caso de se mostraren cara a unha lingua da propia comunidade (en territorios plurilingües) son especialmente perigosos porque poden contribuír de maneira decisiva á súa desaparición. O feito de que un falante considere a súa propia lingua de inferior categoría que a outra do seu territorio será unha causa frecuente da substitución lingüística.

2.- A causa da existencia de prexuízos lingüísticos na sociedade galega: a diglosia

A existencia de prexuízos lingüísticos cara ao galego é unha consecuencia directa da situación de conflito lingüístico que se vive no noso país desde que o castelán se introduciu no noso territorio e alcanzou un status de lingua de prestixio e de poder a respecto da lingua autóctona, provocando unha situación de diglosia.

Entendemos por diglosia a coexistencia non igualitaria de dúas linguas nun mesmo territorio, de xeito que unha delas, a denominada *hexemónica* ou *dominante*, asume a maioría dos usos formais e cultos (ámbito público, escrita, educación, medios de comunicación, mundo xudicial, ámbito empresarial...) e a outra, a *minorizada* ou *dominada*, queda restrinxida maioritariamente aos usos informais e coloquiais (ámbito privado, relacións familiares, oralidade...).



Esta distribución de funcións propia das situacións diglósicas responde ao distinto prestixio que ten cada lingua e supón a existencia dunhas normas de uso lingüístico aceptadas tacitamente pola colectividade que regulan o comportamento dos falantes bilingües. A consecuencia natural dunha sociedade diglósica é unha situación de conflito lingüístico, centrado basicamente nos falantes da lingua menos prestixiada (o galego, na nosa sociedade), que non poden desenvolver a súa vida plenamente con normalidade desde o punto de vista lingüístico, ao vérense necesariamente obrigados a desenvolverse na lingua hexemónica en determinados campos (mundo xudicial, relacións coa Administración central, cinema, informática, etc.). Por outro lado, o conflito leva implícito unha evidente marca de desvalorización social da lingua minorizada que a leva a sufrir o perigo da substitución lingüística e a conseguinte desaparición.

As consecuencias da diglosia en Galicia, que non presenta grandes novidades a respecto da vivida noutras sociedades bilingües, son variadas. Pódense agrupar en torno a tres vertentes: a restrición de usos do galego, por un lado, a súa identificación natural coa oralidade, co mundo rural e cos sectores sociais menos privilexiados, por outro lado e, por último e como consecuencia do anterior, a concepción desvalorizada que moitos dos galegos teñen da súa propia lingua.

A existencia dos prexuízos lingüísticos nace dentro desta última dimensión de desvalorización da propia lingua por identificala coa falta de cultura ou co atraso social. Un dos resultados máis dramáticos disto é a perda progresiva de falantes galegos. Aínda que nos últimos anos a valoración social do galego mellorou considerabelmente, así como o seu emprego en ámbitos tradicionalmente reservados ao castelán, o proceso de diminución de falantes continúa manifestándose inexorábel, tal como reflicten os últimos estudos sociolingüísticos. Un elemento relacionado con este futuro tan pouco prometedor é o factor idade: a meirande parte dos xoves e adolescentes galegos é castelanfalante. No sector de poboación menor de 25 anos hai un uso efectivo do galego inferior ao 25 %, o que leva a pensar que nun futuro non moi distante o galego deixará de ser a lingua máis falada no noso país.

3.- Os prexuízos lingüísticos en Galicia

Os prexuízos xerados contra o galego existen desde os inicios da situación diglósica, unha vez que o castelán se asentou como idioma de prestixio no noso país e teñen sido alentados, ás veces como resultado dunha estratexia ben meditada, desde o poder centralizador, en diversos períodos históricos, coa finalidade de denigrar o galego fronte á lingua do Estado, no marco dun proceso de imposición e substitución lingüística. É importante resaltar este feito. Os prexuízos repercuten gravemente no uso efectivo do galego ao relegalo ao seu emprego diglósico (de lingua minorizada, pouco prestixiada) e promover o seu abandono.

Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos

Se ben na actualidade parece que se reduciron as consideracións pexorativas sobre o galego, especialmente entre a xente nova, hai algunhas que perduran e mesmo se están detectando outras novas. Algúns dos prexuízos máis comúns contra o galego entre parte da sociedade galega son os seguintes:

- **Falta de utilidade do galego.** O galego íllanos do exterior, non serve para falar fóra de Galiza. Esta falacia, empregada como argumento incuestionábel, emprégase con frecuencia á hora de animar os galegos a que empreguen o castelán, idioma que presenta, evidentemente, un territorio lingüístico máis amplo e unha importante función internacional. É certo que o galego só se emprega en Galiza (aínda que tamén é certo que a súa pertenza ao tronco lingüístico luso-galego-brasileiro permite que nos poidamos mover coa nosa lingua por todo o vasto territorio da lusofonía; mais este é outro tema), pero non é menos certo que as linguas nacen para seren empregadas no interior das comunidades que as crean. Só uns pouquísimos idiomas no mundo son empregadas internacionalmente. Ten tan pouco sentido que alguén aquí non fale galego por ver niso unha limitación como que un noruegués se negue a falar a súa lingua porque esta non se pode utilizar fóra das súas fronteiras. Ademais, o emprego da lingua propia non é ningún impedimento (ao contrario, é unha axuda) para que unha persoa coñeza outras linguas coas que poder comunicarse con falantes doutros lugares. E parece obvio que calquera galego-falante pode ter tanta competencia en castelán (e en inglés e en francés...) como un castelanfalante.



- **O galego é unha lingua máis pobre que o castelán** tanto na gramática como no léxico. Este é un dos máis vellos prexuízos sobre o galego, que propagou a falsa idea de que este idioma non era válido para certos usos cultos (ciencia, ensino, medios de comunicación...). Como xa quedou dito máis arriba, non hai linguas mellores que outras, máis ou menos válidas para expresar calquera tipo de coñecemento, salvo certas carencias léxicas facilmente superábeis. Alén diso, cómpre lembrar que o galego foi no período medieval unha das linguas con maior prestixio de Europa, vehículo dunha das literaturas máis importantes do continente.



- **O galego é unha lingua rural, de pobres e ignorantes.** Outro dos vellos prexuízos (xa instalado desde hai séculos, o galego como lingua *ruda e fea*), responsábel en gran medida da deserción do galego por parte das clases populares que pretendían medrar socialmente e da ruptura da transmisión interxeracional da lingua. Unha cousa é que o galego historicamente se asentara máis no contexto rural e que sexa máis empregada polas clases menos favorecidas e outra ben distinta é que teña que ser necesariamente así; ou que a falta de cultura e de progreso económico sexan debidas ao emprego efectivo do galego. A escolla dun ou outro idioma (sempre que se acompañe do coñecemento real do outro) non facilita nin dificulta o nivel de formación nin o éxito social ou económico da persoa.



- **A caracterización pexorativa do galego e a incompetencia dos seus falantes.** Está claramente vinculado aos anteriores. Non só caracteriza o galego como unha lingua ruda, pouco elegante e propia de xente ignorante, senón que presenta os seus falantes como incapaces de

Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos

empregala con corrección. Este prexuízo é asumido con naturalidade por unha importante porcentaxe de galegofalantes, que pensan que se expresan nunha fala *acastrapada*, pouco correcta e afirman que o "bo galego" se fala noutros lugares do país. Ningunha lingua do planeta é falada con plena corrección estándar na comunicación espontánea pola totalidade dos falantes. É certo que a situación histórica do galego, desprovisto dunha referencia normativa e ausente do sistema educativo e dos medios de comunicación até hai unhas poucas décadas propiciou unha importante presenza de formas castelanizadas e vulgarizadas na fala popular, mais non de maneira significativamente superior ao doutras comunidades lingüísticas (observemos, por exemplo, as características das falas rurais dos dialectos meridionais do castelán).

- **O galego normativo é un idioma inventado.** Todo proceso de estandarización das linguas ten unha parte de artificiosidade ou arbitrariedade na escolla da variante que se considera culta fronte ás distintas variedades reais. Isto sucede no galego como en calquera outra lingua. Pártese da lingua falada (real, pero con moitas variantes e non poucas veces deturpada e vulgarizada) e adóptanse diversos criterios para realizar a necesaria normativización, atendendo con frecuencia a aspectos históricos ou de lingüística comparada descoñecidos polo falante común. O que resulta inaceptábel é que se critique o galego que se aprende na casa por *chapurrao*, rústico ou acastrapado e o que se escoita nos medios de comunicación (o normativo) por artificial ou inventado. A falsa percepción de "lingua inventada" vén dada en gran medida, no caso do galego, polo feito de que a normativa é aínda moi recente e sufriu nos últimos anos varias pequenas. Cando, co paso dos anos, se vaia asumindo socialmente, coa axuda do ensino e dos medios de comunicación, este prexuízo desaparecerá, como xa desapareceu a respecto de normativas máis vellas como a do castelán (ou do italiano ou do portugués...).

- **O galego é un idioma imposto.** É un prexuízo novo pois o abandono absoluto por parte dos poderes e os atrancos para exercer o seu uso durante unha gran parte da historia desta lingua farían impensábel que alguén mantivese tal afirmación. É precisamente nos últimos tempos, ao se tomaren as primeiras medidas de protección e promoción do galego a raíz da



súa oficialización, cando certos grupos comezan a propagar esta falacia. Por unha parte resulta paradoxal o emprego do termo "imposición" cando se está a falar dun idioma (oficial, ademais) no seu propio territorio. Atribúese tal imposición, centrada especialmente no ensino, a unha minoría política intolerante, cando a normativa que se aplica (a Lei de Normalización Lingüística ou o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega) foi aprobada por unanimidade por todos os grupos políticos con representación parlamentaria. Esa lexislación, no referente ao ensino, pretende unicamente buscar a paridade de uso como lingua vehicular das dúas linguas oficiais e garantir a competencia de uso de ambas por parte do alumnado (obxectivos que na práctica nin sequera se alcanzaron). Nos distintos ámbitos da sociedade é unha evidencia que, se hai unha lingua que se lle impón ao cidadán (á hora de ir ao cinema, de comprar un videoxogo, de contratar unha hipoteca nun banco, de solicitar un poder notarial, de ver televisión en plataformas dixitais, etc.) esa é o castelán.

- **O galego subsiste grazas ás subvencións.** É outro dos prexuízos aparecidos recentemente, como consecuencia da política de subvencións ao emprego da lingua galega por parte das administracións autonómica e locais. Parte da idea de que as linguas deben subsistir por si soas e que supón unha discriminación o feito de que certas actividades sexan apoiadas economicamente polo



Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos

simple feito de se realizaren en galego (publicidade, edición de libros, concursos literarios, financiamento de programas de fomento do galego...) en detrimento do castelán. Cómpre saber que todos os gobernos do mundo apoian as súas linguas e culturas con subsidios públicos. O Estado español destinou en 2016 a cantidade de 115 millóns de euros só para o funcionamento do Instituto Cervantes. A cantidade destinada polo goberno da Xunta á Secretaría Xeral de Política Lingüística móvese nos últimos anos arredor dos 8 millóns, unha cantidade, por certo, moi inferior á da década anterior. O galego arrastra un grave déficit histórico neste sentido e, dada a súa situación de lingua minorizada, precisa dunha discriminación económica positiva, como xa lle ten reclamado en varias ocasións o Consello de Europa á Xunta de Galicia en aplicación da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias.

- **O galego como marca ideolóxica ou política.** A identificación dos falantes galegos cunha determinada ideoloxía ou mesmo cunhas siglas políticas concretas é moi negativa para a saúde do idioma. Se ben a traxectoria dunhas opcións políticas foi sempre de maior compromiso coa defensa do galego que outras, é importante que se entenda que o galego debe ser patrimonio de todos os galegos, independentemente da súa ideoloxía. É igualmente importante que todos os grupos políticos integren nos seus idearios estratexias e medidas a prol da normalización do galego.



- **O uso do galego como unha descortesía perante persoas foráneas** (ás veces mesmo perante persoas simplemente descoñecidas). É normal que os galegos pensemos que nos temos que adaptar aos costumes e á lingua propias doutro país ao que vaíamos. Pero non é normal que pensemos que debemos ser nós os que debamos adaptarnos á lingua das persoas foráneas castelanfalantes que viven na nosa comunidade e non fan ningún esforzo por aprenderen a nosa lingua. Con frecuencia, ademais, a pretendida falta de comprensión do galego é máis un problema



de actitude que un problema real de comunicación, dado a gran parecido existente entre galego e castelán. Máis que unha descortesía do galegofalante, estamos ante unha falta de respecto pola lingua autóctona que pode facer que en ocasións un galego se poida sentir estranxeiro na súa propia terra ao ser recriminado por empregar a súa propia lingua no seu propio país.

Todas estas falsas crenzas, convenientemente estendidas e promovidas por certos grupos de poder, medios de comunicación, sectores do ensino, etc. acaban sendo compartidos por un amplo sector da sociedade que os asume de maneira acrítica como realidades obxectivas que están fóra de discusión. A consecuencia máis evidente é o desprestixio do galego e dos seus falantes, co conseguinte abandono da lingua, por un lado, e a dificultade para vivir con normalidade e tranquilidade expresándose exclusivamente en galego.

As opcións de actuación da sociedade galegofalante perante a divulgación dos prexuízos lingüísticos son obvias:

Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos

1. Poden, sen máis, aceptarse, e facer todo o posible para distanciarse do grupo contra o que se dan eses prexuízos (o galego), substituindo a lingua propia por outra socialmente máis prestixiada e procurando educar as fillas e os fillos nela.

2. Pódese loitar por desterralos, mostrando orgullo pola pertenza ao grupo contra o que se mostran eses estereotipos, cambiando a situación de discriminación mediante o emprego normal da lingua propia en calquera tipo de ámbitos de uso.



4.- Textos

Texto 1. Sechu Sende, “Estudo sociolingüístico sobre a mocidade baixo os efectos da droga” (de *Made in Galicia*)

O pasado sábado, 11 de setembro, un grupo de investigación sociolingüística da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago elaborou un estudo sobre as actitudes cara á lingua da mocidade baixo os efectos das drogas.

O estudo pretendía recoller as valoracións e motivacións que rapazas e rapaces urbanos -da área de Santiago de Compostela- teñen en relación coa lingua galega e o conflito lingüístico.

O estudo foi realizado coa metodoloxía da recollida de campo nunha das chamadas noite de marcha, máis concretamente nun espazo culturalmente recoñecido como botellón, nun parque do centro urbano compostelán.

Segundo Antonio Escohotado, autor, entre outras, da obra *Historia das drogas*, estas son utilizadas polas persoas para crear ámbitos grupais de desinhibición comunicativa intergrupala.

Cando falamos de drogas, non estamos a referirnos só a esas substancias consideradas escandalosamente perigosas para a saúde -pastis, pílulas, cabalo, fariña, haxix ou maría-, senón tamén a esas outras tradicionalmente máis aceptadas -tamén prexudiciais- aínda que admitidas na nosa sociedade occidental, como o alcohol en calquera das súas variedades -do calimocho ao tumbadiós- ou o tabaco, por suposto.

Nese contorno social, o grupo de referencia do estudo estaba configurado por 11 adolescentes de entre 14 e 19 anos en diferentes estados de intoxicación ou, noutras palabras, de borracheira ou subidón.

Alguns exemplos das manifestacións sobre o tema que centrou a atención do grupo, a lingua galega, foron rexistradas na recolleita e clasificadas por categorías:

CATEGORÍA A: Desprezo pola lingua

1. Pero qué mierda, dejaros de ese rollo del gallego, que no estamos en la aldea.
2. Si hablas gallego, no te comes un rosco.

3. Gallego, gallego, aún si supiese hablar inglés...

CATEGORÍA B: Indiferenza

1. A mi, hip, el galleeeego me la sssuda. Pásssame el peta que el gallego me coorta el rollo.
2. Paso, tío, mientras no me lo impongan, yo soy libre de pasar del gallego como de la mierda.

CATEGORÍA C: Agrado sentimental

1. Pues es muy bonito.
2. Mis abuelos siempre lo hablan y yo lo respeto porque me gusta.
3. El otro día vi un poeta gallego en la tele y estaba muy cachondo. Me moló.

CATEGORÍA D: Aproximación

1. Eu ás veces falo galego, cando me dá o punto.
2. A mí me gustaría hablarlo mejor porque no lo doy hablado bien.

CATEGORÍA E: Apego

1. É a miña lingua, aínda que case nunca a falo.
2. Ademais tamén falo galego porque eu quero ser funcionario algún día.

CATEGORÍA F: Identidade cultural

1. Eu falo galego porque son galega.
2. Antessss morrrrta que, hip, sssen lingua.
3. Eu penso como non sei quen que dicía iso de "Sen raíces non podes voar".

CATEGORÍA G: Compromiso

1. Por que carallo vou deixar de falar galego. Nin de coña.
2. El gallego es guai, a mí me mola más que el castellano, tío, o día menos pensado póñome a falar galego e xa non paro. Ves?

CATEGORÍA H: Conflicto

1. Se volves dicir que o gallego é unha merda, métoche unha hostia de vinte quilos.
2. Al gallego le quedan cuatro días, independentista del carallo.
3. Vai rañala, facha de merda.
4. Ao alcalde da Coruña había que cortarlle os... eles.

Cómpre significar que moitas das declaracións das 8 categorías que vimos de expor foron realizadas polas mesmas persoas. Así, ao comezo da recollida, I. L. M, rapaza de 15 anos, comezou expoñendo unha actitude de desprezo: "Dejaros de hostias que yo de política no entiendo", logo

Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos

acabou declarando "Eu falo galego na casa, fóra dáme corte". E ao final mesmo: "Apóstoche unha birra a que a partir de agora che falo sempre en galego, paspán".

Este pequeno estudo reflicte un dos síntomas propios dunha situación social de conflito lingüístico: a CONTRADICIÓN e COMPLEXIDADE do problema.

En definitiva:

1. Nun estado de excitación como este afloran con toda a súa vitalidade as actitudes negativas, indiferentes e positivas cara á lingua galega, prevalecendo as que visibilizan un conflito entre a propia persoa adolescente e un idioma que, en diferente grao, se presenta como un tema de preocupación e unha vontade maioritaria de cara a CAMBIAR A SITUACIÓN ACTUAL.

2. Pódese comprobar que no estado de euforia o adolescente expresa un compromiso coa lingua en termos de optimismo, e que no estado típico de baixón xorde o pesimismo existencial galego: Non hai que facerlle, éche o que hai.

3. Este traballo de investigación, superficial, resultou inútil como proba científica, pois as múltiples contradicións dos adolescentes obxecto de estudo fannos concluír que nunha situación de intoxicación etílica, flai, ou viaxe alucinatoria AS PERSOAS PODEN CHEGAR A FALAR SEN SABER O QUE DIN. OU VICEVERSA.

Texto 2. Conversa de Blablacar (*La voz de Galicia dixital*, 26/08/2015)

